



INFORME DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA SOBRE O "PROXECTO DE ORDE POLA QUE SE APROBA A NORMA TÉCNICA DAS CONSERVAS ARTESÁS DE PEIXES E MARISCOS"

Visto o "Proxecto de orde pola que se aproba a norma técnica das conservas artesás de peixes e mariscos", en cumprimento do disposto no artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, esta Secretaría Xeral Técnica emite o seguinte

INFORME:

I. FUNDAMENTACIÓN ESTATUTARIA E LEGAL

O Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 27.17, atribúe a esta Comunidade Autónoma a competencia exclusiva en materia de artesanía, e o artigo 30.I.4 atribúelle competencias exclusivas, de acordo coas bases e a ordenación da actuación económica xeral e a política monetaria do Estado, en materia de comercio interior e a defensa do consumidor e do usuario, así como en materia de denominacións de orixe en colaboración co Estado.

No exercicio de estas competencias o Parlamento de Galicia aprobou a Lei 1/2024, do 11 de xaneiro, da calidade alimentaria de Galicia, que constitúe o marco legal actual da artesanía alimentaria en Galicia. Esta lei contempla no capítulo V do seu título III unha regulación desta actividade dun xeito similar á que se contiña na Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega, que quedou derogada por aquela.





Nesta materia, o desenvolvemento regulamentario da Lei 2/2005, do 18 de febreiro, tivo lugar mediante o Decreto 174/2019, do 19 de decembro, polo que se regula a artesanía alimentaria. Pola súa parte, a vixente Lei 1/2024, do 11 de xaneiro, na súa disposición derradeira terceira, establece que as remisións regulamentarias realizadas á artesanía alimentaria no seu capítulo V do título III considéranse feitas ao dito Decreto 174/2019, do 19 de decembro, ou á norma que o substitúa.

Tanto a Lei 1/2024, do 11 de xaneiro, no seu artigo 37.2, como o Decreto 174/2019, do 19 de decembro, no seu artigo 6.1, establecen que os produtos artesanais se deberán elaborar de acordo coas condicións previstas na norma técnica que, para cada produto ou grupo de produtos, se deberá aprobar mediante orde da persoa titular da consellería competente segundo a natureza do produto. As ditas normas técnicas contemplarán, en todo caso, a elaboración tradicional e a presentación senlleira que outorgan ao produto unha calidade diferencial, así como outros requisitos que se recollen no número 2 do artigo 6 do citado decreto.

Por outra parte, segundo o establecido na disposición derradeira terceira do Decreto 174/2019, do 19 de decembro, as previsións recollidas nel relativas ás actividades artesanais alimentarias producirán efectos conforme se vaian aprobando e publicando as normas técnicas de cada produto ou grupo de produtos.

II. XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO

De acordo co sinalado anteriormente, esta orde xustifícase pola necesidade de aprobar a norma técnica das conservas artesás de peixes e mariscos, actividade artesanal alimentaria das que figuran no anexo I, grupo 3, relativo á elaboración de derivados da pesca, da acuicultura e do marisqueo, apartado 3.1, referido ás conservas, do Decreto 174/2019, do 19 de decembro.





III. ESTRUCTURA E CONTIDO

Respecto á estrutura e contido do proxecto normativo, consta dun preámbulo, no que se resaltan os obxectivos e finalidade pretendidos pola disposición normativa, e dous artigos, referidos ao seu obxecto e á aprobación da norma técnica de artesanía alimentaria. Completan o texto dúas disposicións derradeiras, a primeira referida á facultade de desenvolvemento e a segunda á súa publicación e entrada en vigor, e un anexo, no que se recolle a norma técnica das conservas artesás de peixes e mariscos, e que consta dos seguintes apartados:

1. Antecedentes e xeneralidades.
2. Ámbito de aplicación.
3. Definicións.
4. Materias primas autorizadas.
5. Proceso de elaboración.
 - 5.1. Prácticas autorizadas.
 - 5.2. Prácticas prohibidas.
 - 5.3. Posibilidades de mecanización.
6. Límite máximo de produción artesanal.
7. Presentación e envases.
8. Trazabilidade e rexistros.
9. Control.
10. Flexibilización dos requisitos de hixiene.
11. Lexislación de referencia.

IV. TRÁMITES REALIZADOS E RESULTADO DOS MESMOS

A elaboración do presente proxecto levouse a cabo pola Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, centro directivo a quen lle corresponde, entre outras, as competencias relacionadas coa promoción da competitividade dos produtos pesqueiros, marisqueiros e da acuicultura e o fomento da súa calidade, de conformidade co disposto no artigo 11 do Decreto





50/2021, do 11 de marzo, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar.

Consta no expediente a memoria xustificativa sobre a súa legalidade, acerto e oportunidade; a memoria económico-financeira e o informe do Servizo de Técnico-Xurídico. Non foi preciso o cumprimento do trámite de consulta pública previa por tratarse dunha proposta normativa que regula aspectos parciais dunha materia, tal como dispón o artigo 41.2.c) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Unha vez rematada a fase inicial de elaboración, o texto aprobouse polo conselleiro do Mar como proxecto de orde, publicándose na páxina web do portal de Transparencia e Goberno aberto, de conformidade co disposto no artigo 9 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co previsto no artigo 42.3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro. A publicación tivo lugar durante o período comprendido entre o 16 de maio e 7 de xuño de 2024, tal como consta no certificado da Dirección da Área de Administración Dixital da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia do 12 de xuño de 2024, recibíndose unha suxestión ao seu contido por parte da Asociación Nacional de Fabricantes de Conservas de Pescados y Mariscos (ANFACO-CECOPECA), co resultado indicado na memoria de tramitación do 3 de outubro de 2024.

En cumprimento do trámite de audiencia, deuse traslado do texto do proxecto, ademais de ANFACO, á Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Exportadores y Transformadores de Productos de la Pesca y Acuicultura (CONXEMAR), Consello Regulador do Mexillón de Galicia, Asociación Galega de Empresarios Depuradores de Moluscos (AGADE) e Asociación Galega de Comercializadores de Marisco (AGACOMAR), quen non realizaron observacións ao seu contido.

Con data 22 de maio de 2024, a directora xeral de Promoción da Igualdade da Consellería de Política Social e Igualdade informou de que se trata





dunha norma sin repercusión en cuestións de xénero e sin colisión coa normativa vixente en materia de igualdade.

O proxecto tamén foi informado favorablemente pola Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico da Consellería de Facenda e Administración Pública o 11 de xullo de 2024, ao ter encaixe nos escenarios orzamentarios.

Con data 8 de outubro de 2024, o proxecto foi informado favorablemente pola Asesoría Xurídica da Consellería do Mar ao consideralo conforme ao ordenamento xurídico.

Así mesmo, esta disposición someteuse ao procedemento de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e de regulamentos relativos aos servizos da sociedade da información, previsto na actualidade na Directiva 2015/1535 do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de setembro de 2015, pola que se establece un procedemento de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e de regras relativas aos servizos da sociedade da información, así como no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, que regula a remisión de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e regulamentos relativos aos servizos da sociedade da información.

Así, o proxecto foi remitido o 27 de novembro de 2024 a través da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, e de xeito coordinado coa Axencia Galega de Calidade Alimentaria, ao Ministerio de Asuntos Exteriores e Cooperación, para a súa incorporación á orde do día da reunión da Comisión Interministerial para Asuntos de la Unión Europea (CIAUE) que tería lugar o 13 de decembro de 2024 e o seu posterior envío á Comisión Europea, con número de notificación 2024/0681/ES.

O 18 de marzo de 2025 recibíronse desde a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, as observacións da Comisión Europea aos proxectos mencionados remitidos polo MAEC. O Ministerio recomenda dar unha contestación á Comisión sobre as cuestións que indican no seu escrito, de acordo co disposto no artigo 5.2 da Directiva 2015/1535:





"Accesibilidad del plan de conserva artesana de pescado y marisco a productores de otros Estados miembro.

Según el apartado 5.1 del Anexo del proyecto notificado sobre conservas artesanas de pescado y marisco "Como norma general se utilizarán productos frescos. Se permitirá el uso de productos congelados de aquellas especies estacionales de túnidos y cefalópodos que hayan sido desembarcadas en fresco en Galicia con el fin de garantizar el abastecimiento de productos necesarios para el mantenimiento de la producción artesanal."

La Comisión observa que esta excepción a la obligación de utilizar productos frescos y a la posibilidad de congelar algunas especies de temporada de atún y cefalópodos solo beneficia a los productores de conservas de pescado y marisco cuando el pescado se ha desembarcado en fresco en Galicia, lo que crea una ambigüedad en cuanto a la posibilidad de que los productores de otros Estados miembros accedan al régimen en lo que respecta a estas especies concretas. Por lo tanto, la Comisión sugiere que se aclare el proyecto notificado sobre conservas de pescado y marisco artesanas para garantizar la accesibilidad del régimen a los productores de otros Estados miembros."

Posto que o mencionado artigo 5.2 da Directiva 2015/1535 indica que cando a Comisión ou un Estado membro dirixan observacións a un Estado membro que teña anunciado un proxecto de regulamento técnico este deberá telas en conta, na medida do posible, no momento da posterior elaboración do regulamento técnico, o 25 de marzo transmitiuse ao Ministerio de Asuntos Exteriores e Cooperación, a través da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, para o seu traslado á Comisión, a seguinte redacción para o artigo 5.1:

"Como norma general se utilizará producto en fresco. Se permitirá el uso de producto congelado de aquellas especies estacionales de túnidos y cefalópodos que hayan sido objeto de desembarco en fresco en un puerto situado dentro de un radio de menos de 250 kilómetros de la empresa





artesana para garantir el suministro de producto necesario para el mantenimiento de la producción artesanal.”

O 26 de marzo recibíuse acuse de recibo por parte da Comisión Europea da modificación efectuada.

Visto o anterior, de acordo cos principios de boa regulación establecidos polo artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e, en particular, cos de necesidade, proporcionalidade e eficacia, esta norma contén a regulación imprescindible para atender a súa finalidade. Igualmente, en virtude do principio de seguridade xurídica, a norma garda coherencia co resto do ordenamento xurídico, e, en cumprimento do principio de transparencia, identifícanse con claridade nela os obxectivos perseguidos. Ademais, durante a súa tramitación promoveuse a participación da cidadanía mediante os trámites de audiencia e publicación no portal de Transparencia e Goberno aberto da Xunta de Galicia.

En consecuencia, tendo en conta os aspectos analizados, o texto proposto reúne os requisitos esixidos na normativa de aplicación examinada anteriormente, polo que esta Secretaría Xeral Técnica informa favorablemente o proxecto de orde.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica
A secretaria xeral técnica

Marta Barreiro Castro

